

PRIMEIRO ACTO

Sábado 16 marzo de 2024

Ás 17:30 h, Retiro de Coresma e o Sacramento de Confesión no Santuario do Santo Cristo.

NOSA SRA. DAS DOLORES

Martes 19 marzo de 2024

Na Igrexa Parroquial, comezo do Triduo.

Festividade de San Xosé.

Ás 19:00 h, misa solemne e a continuación, procesión.

Venres 22 marzo de 2024

Ás 20:00 h Misa solemne cantada polo coro "Nosa Sra. das Areas".

A continuación, **Procesión da nosa Señora das Dolores** acompañada pola **Banda Municipal de Cee**. A imaxe da Virxe das Dolores percorre as rúas da vila, pero avanza soa, arroupada polo recollemento dos devotos que a acompañan nunha das procesións más expresivas da Semana Santa de Fisterra.

PEREGRINACIÓN ao Santísimo Cristo de Fisterra

Sábado 23 marzo de 2024

Saída da parada de autobuses de Fisterra ás 15:00 h. Saída da Igrexa de San Xoán de Sardiñeiro ás 15:30 h.

Ás 20:00 h, misa solemne na Igrexa Parroquial de Santa María das Areas de Fisterra - Santuario do Santo Cristo.

(Para anotarse deben dirixirse a calquera membro da Xunta de Confrarías).

DOMINGO DE RAMOS

Domingo 24 marzo de 2024

Ás 11:15 h, Bendición dos Ramos na Praza da Constitución.

Unha vez bendicidos, **Procesión da Entrada Triunfal de Xesús a Xerusalén** ata a Igrexa de Santa María das Areas acompañada pola **Banda de Música Arca-O Pino**. Unha vez alí, dará comezo a Santa Misa, cantada polo coro "Nosa Sra. do Carme".

25, 26, 27 marzo de 2024

20.00 h, Misa na Igrexa Parroquial - Santuario do Santo Cristo.

XOVES SANTO

Xoves 28 marzo de 2024

Ás 20:00 h, na Igrexa Parroquial, **representación da Última Cea** e do tradicional **Lavatorio de pés**.

A continuación, no recinto do adro, **Oración no Monte das Oliveiras e Prendemento de Cristo** para terminar coa **Procesión do Paso da Oración do Horto** acompañada pola Banda "Desiderio Paz".

Seguidamente, exposición e adoración do Santísimo Sacramento.

VENRES SANTO

Venres 29 marzo de 2024

Ás 11:30 h saída do Nazareno.

Ás 12:00 h comezo do **Vía Crucis** na praza de Santa Catalina e de seguido, na praza da Constitución, acto do **Santo Encontro**, onde se continuará ata a Igrexa acompañados pola **Banda de Santa Cruz de Rivadulla e Banda Arca-O Pino**.

Ás 20:00 h, liturxia do día e acto do **Desencravo de Xesús** na Igrexa de Santa María das Areas onde culminará o día coa **Procesión do Santo Enterro**, aceptada como unha das más arraigadas na nosa tradición, concitando o maior fervor da Semana Santa fisterrá e que percorre as rúas da vila ata a madrugada. Estará acompañada polas **Banda Arca-O Pino, Banda de Santa Cruz de Rivadulla e Banda Desiderio Paz de Fisterra**.

SÁBADO SANTO

Sábado 30 marzo de 2024

Ás 12:00 h, Meditación sobre as sete dores de Santa María (Adoración ao Santo Sepulcro).

Vixilia Pascual ás 21:00 h na Igrexa Parroquial.

DOMINGO DE RESURRECCIÓN

Domingo 31 marzo de 2024

É o Gran Día na nosa vila. Miles de romeiros achéganse a venerar ao "Cristo da Barba Dourada" e a ofrecer os seus exvotos. É un ir e vir de multitudes que esperan a que dean as 12:00 do mediodía para presenciar a representación da **Resurrección do Señor**, como se vén facendo desde tempos inmemorables no campo da Igrexa Parroquial.

Escenificación con personaxes viventes do que pode ser un antiquísimo auto sacramental que narra en verso a chegada das desconsoladas mulleres ao sepulcro e do seu encontro co anxo que lles anuncia a Resurrección do Señor, en forma de proclama ao mundo enteiro co tradicional ALELUIA!

ENCONTRO DA NAI CO SEU FILLO RESUCITADO.

O xúbilo desencadéase, comeza o repicar das campás, as tracas de fogos de artificio, solta de pombas, as bandeiras ízanse e a música das bandas que culmina coa Danza da nosa Señora das Areas, tamén coñecida como Danza dos Paus en honra á Virxe e que algúns estudiosos datan do século XIII.

Acompañará os actos a **Banda de Gaitas da A.C. Malante de Malpica**.

Misas ás 9:00 h e 10:00 h.

LUNS DE PASCUA

Luns 1 abril de 2024

Ás 12:00 h, Misa solemne polos devotos do Santo Cristo, cantada polo coro "Nosa Sra. das Areas".






 **imprenta**
PACO
damos buena impresión

CEE: Telf.-Fax: 981 745 294
imprenta@imprentapaco.com

SEMANA SANTA

FISTERRA - MARZO 24



CONCELLO
DE FISTERRA



Deputación
DA CORUÑA



A Fin do Camiño está en Fisterra
Peregrina ao Santuario do Santo Cristo

Declarada de Interese Turístico